

Acta da reunión de Asamblea Xeral da Federación Galega de Tenis celebrada no salón de actos da Federación Galega de Fútbol, no Estadio Multiusos de San Lázaro, porta 4 de Santiago de Compostela o 19 de decembro de 2020 ás 16:30 horas en segunda convocatoria e á que asisten os seguinte membros:

Presidente: José Mosquera Casero
 Asociación Deportiva Val de Mahía
 Club de Tenis Punta Salera
 Real Aero Club de Santiago
 Sporting Club Casino Coruña
 Club de Tenis As Termas
 Club Santo Domingo de Ourense
 CC Dtivo de Sanxenxo
 Club de Tenis A Tobeira
 Club de Tenis Cidade Olívica
 Club de Tenis Ponteareas
 Ureca
 José Manuel Fariñas Cid
 Fernando Rodríguez Ferreira
 María Berini Pita da Veiga
 José Deus Brage
 Francisco Javier De la Torre Fernández
 José Ramón Bernárdez Iglesias

Asistencia ao Presidente
 M^a Jesús Fernández García
 Marco A Casal Costas
 Carlos Coira Lojo

Acta de sesión: É aberta polo presidente, que saúda a todos os asistentes e agradece a súa asistencia. Os participantes recibiron previamente os informes dos distintos puntos da Orde do Día, que foron os seguintes:

1. Lectura da acta da reunión anterior.

Como o borrador do acta foi enviado con anterioridade aos membros da Asemblea Xeral, e non hai ningunha observación, é aprobada por unanimidade polos asistentes.

2. Presentación do estado das contas ao 31/10/2020

Toma a palabra o presidente e fai referencia aos documentos previamente enviados aos membros da Asemblea Xeral. Este foi un ano atípico marcado sen dúbida pola pandemia do Covid 19, tanto a nivel deportivo como económico. Os datos presentados están a data do 30/10/2020, pero se fai unha previsión do gasto a data do 31/12/2020. Mostrase o cadro de ingresos e gastos ata o 30/10 e a previsión ao 31/12/2020. A partir de aquí vaise desenvolvendo por partidas, primeiro de ingresos e logo de gastos, cada unha coa súa explicación correspondente, contestando as consultas que se van facendo polos asistentes.

Estes son os cadros de ingresos e gastos ao que se fai alusión:

Cadro de ingresos:

FEDERACIÓN GALEGA DE TENIS		ORZAMENTO 2020	CONTAS A 30/10/2020	Previsión a 31/12/2020	Previsión a 31/12/2020 imputando LICENZAS a 2021
Cuotas		209.119,54	239.305,10	294.337,00	148.340,00
Cuotas Afiliación		0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
		0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Licenzas		137.000,00 €	188.460,00 €	240.183,00 €	93.986,00 €
		137.000,00 €	101.316,00	93.986,00	93.986,00
			87.144,00	36.549,25	
				109.647,75	
Equipos		45.160,00 €	47.854,00 €	47.854,00 €	47.854,00 €
		45.160,00 €	47.854,00	47.854,00	47.854,00
Cadros		20.709,54 €	2.991,10 €	6.300,00 €	6.500,00 €
	RFET	10.357,20 €	1.846,06	4.500,00 €	4.500,00 €
	FGT	10.352,34 €	1.145,04	1.800,00 €	2.000,00 €
Cursos		6.250,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	NIVEL 1	6.250,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Prestación de		173.425,00	116.708,44	147.255,30	147.255,30
ESCOLA SAMIL		147.785,00 €	104.470,00 €	132.352,00 €	132.352,00 €

	CUOTAS	151.000,00 €	106.852,00	106.852,00	106.852,00
	LIGA SAMIL	285,00 €		28.500,00 €	28.500,00 €
	DEVOLUCIONS	-3.500,00 €	-2.382,00	-3.000,00 €	-3.000,00 €
IMD		8.640,00 €	2.903,30 €	2.903,30 €	2.903,30 €
		8.640,00 €	2.903,30	2.903,30	2.903,30
INGRESOS TORNEOS FGT		17.000,00 €	9.335,14 €	12.000,00 €	12.000,00 €
		17.000,00 €	9.335,14	12.000,00 €	12.000,00 €
Subvencions		121.173,14€	120.054,00	120.054,00	120.054,00
Subvencions		121.173,14€	120.054,00	120.054,00	120.054,00
	Dip Pontevedra	2000€			
	Xunta de Galicia	107.923,14 €	106.254,00	106.254,00 €	106.254,00 €
	RFET	10.800,00 €	13.800,00	13.800,00 €	13.800,00 €
	VIDE	450,00 €		0,00 €	0,00 €
Outros ingresos		20.190,00	7.263,22	9.263,22	9.263,22
Outros Patrocinios		12.690,00 €	525,00 €	2.525,00 €	2.525,00 €
	NON A VIOLENCIA	4.740,00 €		0,00 €	0,00 €
	MARVI TROFEOS	1.200,00 €	525,00 €	525,00 €	525,00 €
	CHORRO NAVAL	300,00 €			
	GADIS	5.000,00 €		2.000,00 €	2.000,00 €
	ENSINAME (?)	300,00 €			
	GALMOTOR (CTO	400,00 €			
	DIVINO PASTOR	250,00 €			
	ABANCA	500,00 €		0,00 €	0,00 €
Ingresos tecnificación		7.000,00 €	2.700,00 €	2.700,00 €	2.700,00 €
	Cuotas torneos TRC	7.000,00 €	2.700,00	2.700,00 €	2.700,00 €
Circuito Gadis		500,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	INSCRIPCIONES	500,00 €		0,00 €	0,00 €
Reversión créditos incobrables		0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Otras devoluciones		0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Otros ingresos		0,00 €	4.038,22 €	4.038,22 €	4.038,22 €
	Otros Ingresos		4.038,22	4.038,22	4.038,22
TOTAL INGRESOS		523.907,68 €	483.330,76 €	570.909,52 €	424.912,52 €

Quizais o mais destacado dos ingresos refírese aos importes de licenzas, e explica detalladamente cada un dos conceptos que se establecen na táboa. Fai referencia ao orzado, o recibido e como pechará previsiblemente o ano cos anticipos recibidos. Lémbrese que este ano o exercicio de licenzas do 2020 finalizou o 30 de setembro de 2020, polo que o ingresado no último trimestre corresponde á nova tempada 2020/2021. Explica que se teñen en conta distintos factores para chegar á decisión de imputar todo o importe de licenzas da nova tempada no orzamento do 2021, tales como que o ano foi atípico na competición, que aínda que se tratou de levar con normalidade, de feito conseguíuse acabala, é ben certo que non o foi, dado que nos picos de altas de licenzas que se producen cada ano no momento de convocatorias de competicións, tanto individuais como por equipos este ano non se produciron.

Ao estar orzado un importe de 137000€, se se contabilizan os 93986€ de ingresos de licenzas ata o 30/09/2020, a diferenza en negativo por ingresos de licenzas é de 43014€ menos. No punto de orzamento de ingresos verase o importe xa imputado definitivo para 2021 en concepto de licenzas.

Referente aos ingresos da Escola de Tenis de Samil, explica que estivo sen actividade durante o peche polo estado de alarma imposto polo Goberno Central, por iso a dismución nos ingresos neste concepto son de uns 25000€, que tamén se verán reflectidos nos gastos, porque os técnicos pasaron a estado de Erte en canto non houbo máis posibilidade de prolongar a situación laboral.

Vai describindo o resto de contas que baixan tamén polos efectos do Covid, cotas por trámite de torneos, ingresos de torneos organizados pola Federación xa que non se realizaron os do circuíto xuvenil, ingresos por patrocinios, en docencia non se fixo ningún curso, etc.

Estas baixadas en ingresos fan que a previsión ao peche sexa de 424912.52€ en lugar dos 523907.68€, é dicir, casi uns 100.000€ menos.

Pasamos agora á previsión de gastos, que en concordancia cos ingresos tamén se verán diminuídos en relación ao orzamento presentado.

O Cadro de gastos e o seguinte:

Federación Galega de Tenis		Orzamento 2020	situación a 30/10/2020	Previsión 31/12/2020 imputando gastos a 2021 de licencias
Gastos de Persoal		212.683,84 €	158.325,81 €	191.207,14 €
Administración		60466,89	44291,74	50920,95
Deportivo		55216,96	47940,41	55216,95
Samil		97000	66093,66	85069,24
Seguros Sociais		70.234,47 €	58.692,28 €	69.686,77 €
Administración		20.072,85 €	14.632,55 €	16.313,26 €
Deportivo		18161,62	15102,4	18161,62
Samil		32000	28957,33	35211,89
TOTAL GASTOS PERSOAL		282.918,32 €	217.018,09 €	260.893,91 €
INDEMNIZACIONES		0	5825	5825
ARBITRAXE CAMP. GALEGOS.		9000	3464,77	5500
MARKETING E NOVAS TECNOLOXIAS		1700	448,18	1000
SERVICIOS EXTERIORES		59.170,00 €	55.576,77 €	61.794,90 €
Xestoría		4600	4208,32	4600
Arrendamentos e Canons		600	297,66	600
Seguros		35900	27515,92	27433,16

	Deportivo (LICENZAS)	-33000	-27.515,92	-24.533,16
	Furgoneta	-1500		-1500
	RC	-950		-950
	Directivos	-450		-450
Suministros, correo e outros		5150	6722,94	10434,44
Prevención de riscos laborais		700	0	700
Repaacións e conservacións		3000	199	300
Escola Samil varios		2.000,00 €	1.039,14 €	1.039,14 €
Xerante		0	1216,05	1216,05
Servicios bancarios-recibos Samil		2100	1532,27	2117,72
Otras partidas FGT		5.120,00 €	12.845,47 €	13.354,39 €
	Sanción AEAT	0	-9.160,28	-9.160,28
	Servicio WEB	-300	-272,36	-300
	Rodaxe Furgo	-320	-294,11	-294,11
	Aplicación Informática/ Outros servizos	-3000	-2.579,14	-3000
	Telepeaxe	-1500	-539,58	-600
DOCENCIA		3.500,00 €	0,00 €	0,00 €
Cursos		2500	0	0
Formación continua		1000	0	0
COMITÉ DE PROMOCIÓN		4.350,00	3.151,30	4.403,30
Circuito Comarcal		1.550,00 €	1.145,92 €	1.145,92 €
	Circuito Gadis	-750	0	0
	Medallas/premios		-1.145,92	-1.145,92
	MAT. CIRCUITO GADIS	-800		
Cursos e acciones de promoción		2.800,00 €	2.005,38 €	3.257,38 €
	Promoción e Eventos /TOUCHTENNIS	-2500	-757,38	-757,38
	Cursos de Promoción		-1.248,00	-2500
	Tenis en la Escuela	-300		
PROGRAMAS TECNIFICACIÓN FGT		40.000,00 €	25.971,96 €	27.971,96 €
Programas tecnificación Autónoma		20.000,00 €	15.409,12 €	15.409,12 €
	Adestramentos	-4000	-2.543,06	-2.543,06

	Programa de competicions	-16000	-4.300,41	-4.300,41
	Indemnización por resultados		-8.565,65	-8565,65
Tecnificación provincial		12000	4562,84	4562,84
Proxecto Tokio 2021		8000	6000	8000
GASTOS DEPORTIVOS		94.130,00 €	31.842,00 €	40.353,97 €
Subvención galegos-masters		5.830,00	0	4.100,00
Campionatos de España		19000	6973	7500
Organización campionatos internacionais		16000	0	0
Homologación licenzas		15000	12844,85	12844,85
Homologación cadros		10800	2709,75	4500
GASTOS TORNEOS FGT		15000	5905,28	8000
Gastos torneos e seleccións galegas		2000	0	0
Bonificación eSubvencions		10500	3409,12	3409,12
GALA DO TENIS		7000	0	0
ÓRGANOS DE GOBERNO		9.000,00 €	525,00 €	1.310,45 €
	Presidente	-3000	-98,3	-300
	Xunta Directiva	-1000	0	-250
	Comisión Delegada	-500	0	0
	Órganos de Gobierno	-2000	0	0
	Comités	-300	-260,45	-260,45
	Asamblea General	-2200	-166,25	-500
INTERESES DEUDAS		1.550,00 €	391,04 €	398,04 €
GASTOS EXTRAORDINARIOS	Auditoria	2500	2125,88	2125,88
Servicios Profesionais		300,00 €	835,99 €	835,99 €
	Notario /Abogado	-300	-835,99	-835,99
GASTOS e PERDAS EJERCICIOS		0	0	0
AMORTIZACIONES		1.500,00 €	0,00 €	0,00 €
TOTAL		516.618,32 €	347.175,98 €	412.413,40 €

En canto aos gastos de persoal, hai dúas razóns para a diminución do mesmo, por unha banda o gasto menor ao prescindir dos servizos do xerente e por outro a situación de Erte para os técnicos de Samil que se tivo que adoptar polo estado xeral de alarma que impuxo o goberno na primavera. Dos 282918,32€ do orzamento pásase a unha previsión de gasto ao 31/12/2020 de 260893,91€, polo que a diferenza prevista no gasto total de persoal coa SS incluída é de 22024,41€.

Vanse definindo o resto de partidas, destacando os gastos deportivos, unha das mais elevadas polo seu volume de actividade, ao non poder saír a competicións cos xogadores, ou non poder organizar as competicións internacionais ou outras individuais de carácter autonómico ou eventos de especial relevancia. Esta partida pasa de 94130€ a 40353,97€. Isto constata que a baixada nos gastos previsiblemente será dos 516618,32€ aos 412413,40€ o que supón 104204,92€ de diferenza.

Desde o primeiro momento que se establece o confinamento a Federación estivo en continuo contacto coa Secretaría Xeral para ou Deporte que presentaba puntualmente os seus protocolos de seguridade fronte ao covid e foi moi receptiva e aceptou a adaptación que presentou a Federación Galega de Tenis deses protocolos, conseguindo desta maneira que a principal actividade federativa puidécese levarse con certa normalidade a partir do mes de xuño.

O que veu despois no mes de novembro coa publicación dunha nova orde por parte da Xunta de Galicia que salvaba do peche á actividade federada, foi un factor relevante para o incremento de solicitudes de licenza en vigor ata o 30/09/2021, e que se corresponde co obxectivo de que os deportistas puidesen realizar unha actividade que garantía a súa seguridade, ademais de que as escolas poidesen traballar tamén xa con certa comodidade de non estar o pendente das restricción de mobilidade.

Conclúese entón que dun orzamento de gasto do ano 2020 de 516618,32€ pásese a unha previsión ao peche do 31/12/2020 de 412413,40€, cunha diferenza de 104204,92€.

Desta maneira a diferenza entre ingresos e gastos, 424912,52€-412413,40€ queda en positivo por valor previsible de 12499,12€, podendo ser un pouco mais baixo porque sempre aparece algún pago mais ao final do ano. Esta situación permite cumprir co plan de viabilidade no que está a Federación, debido ao peche negativo de anteriores exercicios e a situación tamén negativa do balance, que aos poucos se vai recuperando, xa que coa compra da furgoneta nova mellorouse o activo do mesmo.

Fanse distintas consultas por parte dos asistentes. O Sr. Fariñas consulta sobre o nº de licenzas, que neste momento está sobre 5800. O Sr. Sobrido solicita explicación sobre as sancións de Facenda. Explícase o proceso polo que se pasou, xa que consideran a actividade que leva a cabo en Samil e a dos patrocinios como separada do resto da actividade federativa. En lugar de ver a actividade xeneralizada sen ánimo de lucro da Federación, fano con criterios selectivos. Estableceuse con eles xustificar a actividade con gastos específicos, o que reduce moito o custo do IS.

O Sr. Deus di que deberíase recurrir todas esas sancións.

O seguimento da conta e aprobada por unanimidade.

3. Tarifas para o ano 2021.

O cadro das tarifas para o 2021 e aprobado por unanimidade.

Os prezos de licenzas para a tempada 2021/2020 (001/10/2021 a 30/09/2022) mantéñense tal cal se aprobaron en asemblea de decembro do 2019, é dicir 49€ para adultos e 24€ para os xogadores de 18 anos ou menores. Tampouco cambian os prezos de 1ª licenza, o programa de bono licencia nin as tarifas das inscricións nas competicións por equipos. Sóbense un 2% os honorarios dos técnicos e dos árbitros, e se modifican os prezos das competicións individuais.

Honorarios para os técnicos:

Categoría	Prezo	Categoría	Prezo
Profesor	25,50 €/Hora	Instructor	11,73 €/Hora
Entrenador	18,87 €/Hora	Capitanías fora de Galicia	71,4 €/Día
Monitor	14,79€/Hora	Capitanías fora de Galicia Técnicos FGT	45,9 €/Día

No departamento de docencia da Federación Galega de Tenis os docentes externos regúlanse de acordo ao seguinte cadro:

Categoría	Prezo
Profesor	25,50 €/Hora
Entrenador	18,87€/Hora

Os cambios de tarifas en árbitros detállanse a continuación:

Categoría	Prezo
Xuíz de línea	24,48 €
Xuíz de Cadeira por partido	24,48 €
Xuíz Árbitro	73,44 €

Un Xuíz de Cadeira cobrará un mínimo de 48 €/día aínda que só arbitrase un partido. Os xuíces de cadeira que actúen como tal en Torneos Internacionais cobrarán a tarifa vixente no CEAT, así como os gastos aos que estas tarifas refírense (desprazamentos, dietas e outros gastos).

Estes son os importes máximos para as cotas de inscrición nos Campionatos Galegos Individuais:

Categoría	Importe Máximo
Benxamín, Alevín, Infantil, Cadete e junior (mas. e fem.)	15 €/xogador
Absoluto	21 €/xogador
Veteranos	21 €/xogador
Circuito Protenis	6 €/xogador

O resto de tarifas mantéñense iguais, tal como mencionouse anteriormente ao aprobado en decembro de 2019

En canto á bóla oficial para os campionatos galegos comunícase que se cambiou a Head, porque ofrecen unhas condicións moi superiores á marca Babolat, que é a actual patrocinadora. O contrato faise por 3 anos. A diferenza de Babolat que este ano a cobertura de bólas faríaa coa súa Gold (gama baixa), Head ofrécenos a súa gama mais alta, ademais de mellorar no material doado para os circuitos da Federación. Ademais comprométense a sacar dúas ofertas na compra de bólas Head para os clubs, que coincidirán coas convocatorias das competicións mais relevantes, como son os equipos de xaneiro e setembro.

Establécese un dialogo referente ás tarifas que hai que pagar á RFET en canto ás cotas anuais dos clubs e os pagos dos torneos xuvenís. O presidente informa que ambos temas están xa trasladados á Federación Española, pero ao estar en período electoral non queren tomar decisións ata despois das mesmas.

Dialógase entre os asistentes sobre os prezos das torneos e campionatos abertos. Lémbrese que os prezos que se aproban son para os campionatos galegos, non para torneos abertos. Estes, segundo a súa categoría e o que ofrezan aos xogadores poderán cobrar as inscricións que mellor lles pareza. Créanse múltiples variantes para que a un xogador parézalle cara ou barata a inscrición.

Tal como díxose ao principio, as tarifas son aprobadas por unanimidade.

4. Aprobación do orzamento de ingresos e gastos do 2020

É explicado por seccións polo presidente. Informa sobre as subidas de salarios do persoal federativo, por unha banda o incremento do 1% ao que está baixo o convenio de oficinas e despachos e o 2% aos técnicos da Escola de Tenis de Samil, que están baixo o convenio de instalacións deportivas. Queda no 2% para axustar a subida en referencia ao ano pasado. Fai mención á subida en termos absolutos que terán M^a Jesús Fernández e Carlos Coira. Esta será de 2000€ para cada un deles. Xustifícase a subida coas novas funcións de asistencia ao secretario e ao incremento do volume do traballo en ambos casos.

Desde a Secretaria Xeral para o Deporte informaron que a subvención para o 2021 se mantendrá na mesma cuantía que no ano 2020, coa base dos baremos presentados en 2019 para o 2020, xa que no 2020 na súa maioría non puideron ser executados polo Covid 19.

O orzamento aprobado queda como sigue nos seguintes cadros facendo referencia o do 2020, e a previsión do gasto a decembro de 2020 detallados no punto 2 da orde do día e tendo en conta os ingresos por licenzas dos últimos dos meses do ano correspondentes a nova tempada 2020/2021:

Orzamento de Ingresos:

FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS		Orzamento 2020	Previsión a 31/12/2020 imputando licenzas a 2021	Orzamento aprobado 19/12/ 2021
Cuotas		209.119,54	148.340,00	211.000,00
Cuotas Afiliación		0,00 €	0,00 €	0,00 €
Licenzas		137.000,00 €	93.986,00 €	148.000,00 €
		137000,00 €	93.986,00	148000,00 €
Equipos		45.160,00 €	47.854,00 €	46.500,00 €
Cadros		20.709,54 €	6.500,00 €	10.000,00 €
	RFET	10357,20 €	4500,00 €	6000,00 €
	FGT	10352,34 €	2000,00 €	4000,00 €
Cursos		6.250,00 €	0,00 €	6.500,00 €
	NIVEL 1	6250,00 €	0,00 €	6500,00 €
Prestación de Servicios		173.425,00	147.255,30	173.925,00
Escola de Tenis Samil		147.785,00 €	132.352,00 €	148.285,00 €
	CUOTAS	151000,00 €	106.852,00	151000,00 €
	LIGA SAMIL	285,00 €	28500,00 €	285,00 €
	Devolucións	-3500,00 €	-3000,00 €	-3000,00 €
IMD		8.640,00 €	2.903,30 €	8.640,00 €
Ingresos Torneos FGT		17.000,00 €	12.000,00 €	17.000,00 €
Subvencións		121.173,14	120.054,00	117.054,00
Subvencións		121.173,14	120.054,00	117.054,00
	Dip Pontevedra	2000,00 €		
	Xunta de Galicia	107923,14 €	106254,00 €	106254,00 €
	RFET	10800,00 €	13800,00 €	10800,00 €
	VIDE	450,00 €	0,00 €	0,00 €
Outros ingresos		20.190,00	9.263,22	14.200,00
Outros patrocinios		12.690,00 €	2.525,00 €	6.700,00 €
	MARVI TROFEOS	1200,00 €	525,00 €	1200,00 €
	CHORRO NAVAL	300,00 €		
	GADIS	5000,00 €	2000,00 €	5000,00 €
	ENSINAME (?)	300,00 €		
	GALMOTOR (CTO)	400,00 €		
	DIVINO PASTOR	250,00 €		
	ABANCA	500,00 €	0,00 €	500,00 €
Ingresos tecnificación		7.000,00 €	2.700,00 €	7.000,00 €
Circuito Gadis		500,00 €	0,00 €	500,00 €
Reversión créditos incobrables		0,00 €	0,00 €	0,00 €
Outras devolucións		0,00 €	0,00 €	0,00 €
Outros ingresos		0,00 €	4.038,22 €	0,00 €
TOTAL INGRESOS		523.907,68 €	424.912,52 €	516.179,00 €
TOTAL GASTOS		516.618,32 €	412.413,40 €	509.704,09 €
BALANCE		7.289,36 €	12.499,12 €	6.474,91 €

Orzamento de Gastos 2021:

Federación Gallega de Tenis		Orzamento 2020	Previsión 31/12/2020 imputando gastos a 2021 de licencias	Incremento	Orzamento 2021 aprobado 19/12/2021
Gastos Persoal		212.683,84 €	191.207,14 €	-5.531,77 €	207.152,07 €
	Administración	60466,89	50920,95	-9268,05	51198,84
	Deportivo	55216,96	55216,95	1796,28	57013,23
	Samil	97000,00	85069,24	1940,00	98940,00
Seguros Sociais		70.234,47 €	69.686,77 €	967,54 €	71.202,02 €
	Administración	20.072,85 €	16.313,26 €	-3245,52	16.827,33 €
	Deportivo	18161,62	18161,62	361,17	18522,80
	Samil	32000,00	35211,89	3851,89	35851,89
TOTAL GASTOS PERSONAL		282.918,32 €	260.893,91 €	-4.564,23 €	278.354,09 €
INDEMNIZACIONES		0,00	5825,00	0,00	
ARBITRAXE CAMP. GALEGOS.		9000,00	5500,00	0,00	9000,00
MARKETING E NOVAS TECNOLOXÍAS		1700,00	1000,00	-200,00	1500,00
SERVICIOS EXTERIORES		59.170,00 €	61.794,90 €	650,00 €	59.820,00 €
Xestorias		4600,00	4600,00	0,00	4600,00
Arrendamentos e canons		600,00	600,00	0,00	600,00
Seguros		35900,00	27433,16	-3000,00	32900,00
	Deportivo (Licenzas)	-33000,00	-24.533,16	3000,00	-30000,00
	Furgoneta	-1500,00	-1500,00	0,00	-1500,00
	RC	-950,00	-950,00	0,00	-950,00
	Directivos	-450,00	-450,00	0,00	-450,00
Suministros, correo e outros		5150,00	10434,44	3000,00	8150,00
	Material Oficina	-300,00	-150,00	0,00	-300,00
	Comunicacións e transporte	-1100,00	-1100,00	0,00	-1100,00
	Correo Postal	-50,00	-50,00	0,00	-50,00
	Teléfono-ADSL	-3200,00	-3200,00	0,00	-3200,00
				0,00	
	Compras Outros	-500,00	-762,50	0,00	-500,00

	Gastos MATERIAL COVID		-2.671,94	-3000,00	-3000,00
	GaStos varios		-2.500,00	0,00	
Prevención de riesgos laborales		700,00	700,00	0,00	700,00
Reparacións e conservacións		3000,00	300,00	-500,00	2500,00
Escola Samil Varios		2.000,00 €	1.039,14 €	50,00 €	2.050,00 €
	Material deportivo	-450,00	-1.039,14	-50,00	-500,00
	Trofeos/ camisetas e actividades escuela	-1200,00	0,00	0,00	-1200,00
	Reunions axis	-350,00		0,00	-350,00
Xerente		0,00	1216,05	0,00	0,00
Servicios bancarios-recibos Samil		2100,00	2117,72	1000,00	3100,00
Outras partidas FGT		5.120,00 €	13.354,39 €	100,00 €	5.220,00 €
	Sanción AEAT	0,00	-9.160,28	0,00	0
	Servicio WEB	-300,00	-300,00	0,00	-300,00
	Rodaxe Furgo	-320,00	-294,11	0,00	-320,00
	Outros Tributos	0,00		0,00	
	Aplicación Informática/ Outros servizos	-3000,00	-3000,00	-100,00	-3100,00
	Telepeaxe	-1500,00	-600,00	0,00	-1500,00
DOCENCIA		3.500,00 €	0,00 €	3.000,00 €	6.500,00 €
Cursos		2500,00	0,00	3000,00	5500,00
Formación continua		1000,00	0,00	0,00	1000,00
COMITÉ DE PROMOCIÓN		4.350,00	4.403,30	0,00	4.350,00
Circuito Comarcal		1.550,00 €	1.145,92 €	0,00 €	1.550,00 €
Cursos e accións de promoción		2.800,00 €	3.257,38 €	0,00 €	2.800,00 €
PROGRAMAS TECNIFICACIÓN FGT		40.000,00 €	27.971,96 €	0,00 €	40.000,00 €
Programas tecnificación Autonómica		20.000,00 €	15.409,12 €	2.000,00 €	22.000,00 €
	Adestradores	-4000,00	-2.543,06	2000,00	-2000,00

	Programa de competicions	-16000,00	-4.300,41	2000,00	-14.000,00
	Indemnización por resultados		-8565,65	-6000,00	-6000,00
Tecnificación provincial		12000,00	4562,84	-2000,00	10000,00
Proyecto Tokio 2021		8000,00	8000,00	0,00	8000,00
GASTOS DEPORTIVOS		94.130,00 €	40.353,97 €	-4.300,00 €	89.830,00 €
Subvención galegos-masters		5.830,00	4.100,00	0,00	5.830,00
Campeonatos de España		19000,00	7500,00	0,00	19000,00
Organización campeonatos internacionales		16000,00	0,00	0,00	16000,00
Homologación licencias		15000,00	12844,85	0,00	15000,00
Homologación cadros		10800,00	4500,00	-4800,00	6000,00
GASTOS TORNEOS FGT		15000,00	8000,00	0,00	15000,00
Gastos torneos e seleccions galegas		2000,00	0,00	0,00	2000,00
Bonificación e Subvencions		10500,00	3409,12	500,00	11000,00
	Subvencions torneos premios en metálico	-6000,00		0,00	-6000,00
	Bono Licencia	-4500,00	-3.409,12	-500,00	-5000,00
GALA DO TENIS		7000,00	0,00	0,00	7000,00
ÓRGANOS DE GOBERNO		9.000,00 €	1.310,45 €	0,00 €	9.000,00 €
	Presidente	-3000,00	-300,00	0,00	-3000,00
	Xunta Directiva	-1000,00	-250,00	0,00	-1000,00
	Comisión Delegada	-500,00	0,00	0,00	-500,00
	Órganos de Gobierno	-2000,00	0,00	0,00	-2000,00
	Comités	-300,00	-260,45	0,00	-300,00
	Asemblea General	-2200,00	-500,00	0,00	-2200,00
INTERESES DEUDAS		1.550,00 €	398,04 €	-1.000,00 €	550,00 €
	Intereses Póliza	-1500,00	-348,04	1000,00	-500,00
	Outros gastos financeiros	-50,00	-50,00	0,00	-50,00

GASTOS EXTRAORDINARIOS	Auditoria	2500,00	2125,88	-1000,00	1500,00
	Auditoria	-2500,00	-2125,88	1000,00	-1500,00
Servicios Profesionais		300,00 €	835,99 €	0,00	300,00 €
	Notario /Abogado	-300,00	-835,99	0,00	-300,00
GASTOS e PÉRDIDAS EXERCICIOS		0,00	0,00	0,00	0,00
AMORTIZACIONES		1.500,00 €	0,00 €	500,00	2.000,00 €
	Inmovilizado material	-1500,00		-500,00	-2000,00
TOTAL		516.618,32 €	412.413,40 €	-6.914,23 €	509.704,09 €

Trátase o tema de ingresos e gastos dos cursos de docencia. Marco Casal, como responsable de Docencia explica que ata o de agora só poñíase unha contía como ingresos, polo que se non se conseguían facer os cursos por falta de alumnos xa se partía cunha diferenza entre ingresos e gastos, por iso agora estiman os gastos que se poden ocasionar coa organización de cursos de técnicos de nivel 1. Eduardo Gimenez consulta se a Federación pode impartir cursos de técnicos de nivel 2. Contéstaselle que de momento non, porque é un curso de 600 horas que hai que acreditar cun plan de docencia que de momento non temos. Neste momento se se expuxese facelo, xestionaríase desde a RFET do mesmo xeito que os cursos de árbitraje.

A Festa do Tenis, este ano queda anulada. En decembro de 2021 farase entrega dos premios das tempada 2020 e a de 2021.

O presidente comenta aos asistentes que se recibiu unha carta por correo electrónico de Luís Fernández Martínez, na que propoñía o destino que se lle podía dar ao amplo beneficio do exercicio 2020 procedente da tramitación de licenzas. Esta proposta recibida explicárase no punto 8.

Procédese coa votación do orzamento para 2021: Votos a favor: 13 - Votos en contra:4 - Abstencións:1

5. Autorización ao presidente para solicitar pólizas de crédito por un valor máximo do 10% do orzamento.

Esta autorización é aprobada por unanimidade.

6. Calendario de competición do 2021

Marco A Casal explica amplamente a confección do calendario 2021 e as modificacións con referencia o pasado ano. Estas modificacións refírense sobre todo á distribución das datas dos torneos do circuíto xuvenil, que retoma a data de semana santa, libera os meses de verán e traslada a decembro a proba Master. A competición por equipos segue igual e mantense a semana protexida do galego absoluto e benjamín, onde tamén se xogará unha proba do circuíto nas categorías que corresponda.

Este ano como novidade convocarase a categoría de +60. Acórdase establecer unha preinscrición ás competicións de +60 e +65 e consultar cos equipos o formato mais adecuado dependendo do número de rexistrados. O que se se aproba que nesta nova competición establézase xogar 3 individuais e 2 dobres, pero ten que quedar por regulamento que se empezará a xogar polos dobres co obxectivo de que así xogan de entrada 4 dos xogadores e non só os 3 dos individuais. O calendario queda perfectamente distribuído en Competición por Equipos, Campionatos Galegos, Circuito Xuvenil, Campionatos de España e outros circuítos de interese para os xogadores de tecnificación.

Procédese coa votación da aprobación do calendario para 2021: Votos a favor: 17 - Votos en contra:1

7. Regulamentos de competición –

8. Propostas realizadas a Asemblea Xeral

O punto 7 unifícase co punto nº 8 no que se presentan ás propostas recibidas de cambios nos regulamentos de competición por equipos. Procédese á explicación e os motivos polos que as presentan e se levan una a unha a votación. Na acta recóllese a proposta e como queda finalmente o regulamento, así como as votacións de cada unha das propostas.

8.1)A proposta Miguel Casal Arantes:

Modificación do número de partidos en ABS masculino Ouro a 5 individuais + 2 dobres: Non é aprobada- O regulamento se mantén como está.

Votos a favor da proposta:2; Votos en contra: 15; Abstenciones:1;

8.2 e 8.3)Propostas Jorge Comesaña Comesaña

Modificación en Absoluto feminino de 4-2 a 3-1, e de 4-2 a 4-1 si non foxe aprobado o 3-1-

Jorge Comesaña expón as súas propostas e despois de ser interpretadas e das intervencións dos asistentes unifícase a proposta co seguinte detalle: nas divisións de Ouro e prata mantense o 4 -2 e no resto de categorías será de 3-1.

Votos a favor da unificación da nova proposta: 12 voto a favor, 5 abstencións, 1 votos en contra.

8.4) A proposta de Daniel Fernández Salas

Modificación do sistema de puntuación para os encontros onde se xogan 5 individuais + 2 dobres para outorgar un punto extra na fase de liga ao equipo que consiga gañar os dous dobres: A proposta queda aprobada

Votos en contra: 5; Votos a favor: 8; Abstencións: 5

8.5) A proposta de José Deus Brage

Proposta de sorteo para as fases finais de campeón de división honra(máxima categoría), fixando os seguintes criterios:

- Cando a fase previa sexan catro grupos, cruzaranse os primeiros e segundos de cada grupo como segue: “A” contra “C” e “B” contra “D”. Asegurando que o primeiro e segundo de cada grupo non se podan enfrentar ata a final.
- Cando a fase previa sexan 3 grupos, terase en conta a clasificación nesa fase previa para determinar os cabezas de serie, buscando cumprir o criterio xeral de que o primeiro e segundo dun mesmo grupo non se encontren ata a final.

Isto so afecta os cadros de campeón de división honra, para o resto de cadros (descensos, resto de divisións) seguirá manténdose o criterio de proximidade e cruzando os grupos “A” contra “B” e “C” contra “D”.

Proposta de sorteo para as fases finais veteranos 55, fixando criterios para os cruces de Zonas e os clasificados por grupo, designando os cabezas de serie, o número e posición en función dos resultados en cada grupo.

Apróbase a proposta para o cadro de Campión de División de Honra, pero no resto de divisións e descensos manter o criterio de cruzar o grupo A con o B e o C co D cando se formen 4 grupos na fase previa, para manter o equilibrio nort-sur e a proximidade.

Doutra banda aprobase que se detalle no regulamento básico que todos os equipos rexistrados son iguais ante o presente regulamento sen que poida prevalecer discriminación algunha por clasificación, nivel, histórico ou calquera outra condición ou circunstancia diferente aos resultados obtidos nas competicións en que participen, preservando o seu dereito para ser designado cabeza de serie en fases finais se os seus resultados deportivos obtidos en fase previa así o acreditan.

Ambas propostas son aprobadas con 15 votos a favor, 3 abstención e 0 en contra.

8.6) A proposta de Luis Fernández Martínez

Proposta de sorteo Local - Visitante dirixido para as fases finais. Aprobase establecer un sorteo dirixido onde tras a comprobación de copa Davis, se non hai precedente, o equipo que tivese unha mellor clasificación na fase previa actúe como local. E se ambos os equipos tiveron a mesma clasificación sortearíase. E aprobado por unanimidade.

8.7) A proposta de Club de Tenis A Pedralba, Club de Tenis Coruña e SD O´Salgueiro de Betanzos

Modificación sistema de xogo na categoría de Veteranos+65 masculino. Aprobase por unanimidade unha modificación do sistema de xogo de 3 individuais + 1 dobre.

José Deus fai mención aos permisos para cambios de aprazamentos e horarios. Di que o acudir ás asembleas debería ser causa para permitir aprazamentos. Marco Casal contéstalle que xa está contemplado e que é motivo autorizado de aprazamento. Doutra banda tamén fai referencia ao regulamento de modificación dos horarios de xogo, que obriga a que nun so turno se xoguen todos os partidos de individuais, afectando esta norma os clubs pequenos porque se queres cambiar a un horario que non sexa ás 10 horas ou ás 16 horas, é obrigatoria xogar os encontros á vez. Marco Casal aclara que o regulamento o que establece é que os clubs poderán cambiar o seu horario de xogo dentro dos horarios oficiais sen restricións (sempre que se solicite con 5 días de antelación), e que para incrementar a flexibilidade dos clubs polo alto número de equipos inscritos, permítese previo análise do comité de competición solicitar horarios non oficiais sempre que poñan a disposición da competición as pistas necesarias para xogar no primeiro turno todos os partidos de individuais. Confírmalle que efectivamente así está estipulado no regulamento e así se impide que os

partidos que empezan a media mañá ou calquera outro horario que no sexa o establecido por regulamentos non finalice mais tarde do habitual.

Eduardo Giménez quíxase da norma que obriga a desprazarse aos clubs cando saben positivamente que non se poderá xogar pola choiva ou aínda que non chova as pistas estarán empapadas. Marco Casal agradece o esforzo que fan os clubs para poder finalizar as competicións, que sabe que moitos partidos son autorizados a aprazarse pero que chega un momento que hai que tentar xogar para poder finalizar.

Toma agora a palabra o presidente dicindo que o mesmo venres a última hora da mañá chegou unha proposta de Luís Fernández. Esa mesma proposta se reenviú a todos os membros da Asemblea a continuación de dar a súa autorización para facelo. Esta proposta vincula unha serie de axudas de bolsas directas a xogadores, a técnicos e a clubs aos beneficios que se producirán ao peche do exercicio 2020 polo incremento do nº de licenzas. O presidente insiste que tal como informou nos puntos 2 e 4 da orde do día non debe vincular o beneficio das licenzas ao exercicio do 2020 porque é un anticipo de ingresos do 2021. Con todo, tal como pódese ver no orzamento, a axuda de bolsas directas a xogadores subiuse de 4000€ a 6000€, considerando que unha vez liquidado o exercicio 2020, poida ampliarse a 8000€. Quere manifestar tamén que aos Campionatos de España xuvenís os xogadores van con todo pago, cousa que non pasa en ningunha outra Comunidade. Se ao peche definitivo da contas hai unha maior marxe de beneficios que o esixido polo plan de viabilidade ao que está sometida a Federación Galega de Tenis se poderá ver de establecer outras axudas con carácter xeral.

9. Informes do Presidente

- a) Eleccións na Real Federación Española de Tenis. O presidente lembra que a RFET está en período electoral e que en xaneiro se conformará a nova Asemblea Xeral composta por clubs, técnicos, árbitros e deportistas que elixirán ao novo presidente.
- b) Suspensión da Festa do Tenis, que previsiblemente se fará en decembro do ano 2021, tamén xa comentado en puntos anteriores.
- c) As contas do 2020 serán auditadas por unha empresa que designará a propia Secretaria Xeral para Ou Deporte

10. Rogos e preguntas

Que non hai

Ao non haber rogos e preguntas dáse por pechada a sesión, sendo as 20:00 horas do 19 de decembro de 2020 da que levanto a presente acta, co Vº Bº do Presidente.

O Presidente

José Mosquera Casero



Mª Jesús Fernández García
Asistente ao Secretario